

# CRECENTE DIVERSO



## *O NOSO PATRIMONIO*

CEIP PLURILINGÜE MANUEL SIEIRO

# CRECENTE DIVERSO

## *PATRIMONIO HISTÓRICO E CULTURAL*

3

*VÍDEO PRESENTACIÓN*

*CRECENTE, HISTORIA VIVA!*




# CRECENTE DIVERSO

## *PATRIMONIO HISTÓRICO E CULTURAL*

3

### *O NOSO PATRIMONIO*



MAPA INTERACTIVO



# CRECENTE DIVERSO

## *PATRIMONIO HISTÓRICO E CULTURAL*



## CAPELA E PONTE DE SAN XOSÉ


Na parroquia de Filgueira atopamos este fermoso conxunto arquitectónico tradicional formado por unha pequena capela do século XIX; a *“Ponte de San Xosé”*, que presenta un característico arco de medio punto; a ponte de *“As Cabras”*, de posible orixe romana; así como un cruceiro e varios muíños antigos, empregados, moi probablemente, para moer o gran e facer fariña.

<https://www.galiciamaxica.eu/galicia/pontevedra/comarca-da-paradanta/crecente/puente-ermita-san-xose/>

<https://www.crecente.es/detalle-turismo/capilla-y-puente-de-san-jose.htm>

# CRECENTE DIVERSO

## *PATRIMONIO HISTÓRICO E CULTURAL*



## CASTRO E MUÍÑO DA MARINIÑA

Na parroquia de Sendelle, nunha elevación na marxe dereita do Miño coñecida como "A Mariniña", atopamos este castro da Idade de Ferro, de forma elíptica, case circular. O conxunto está moi alterado polo paso do tempo e as diversas actividades realizadas na zona; e conta cun curioso muíño de vento circular que, probablemente faría o traballo dos tradicionais muíños de auga na época de secas.

<https://www.crecente.es/detalle-turismo/castro-e-muino-de-vento-da-marinina.htm>

# CRECENTE DIVERSO

## *PATRIMONIO HISTÓRICO E CULTURAL*



## MOSTEIRO DE SAN PAIO

Na parroquia de **Albeos**, conta a tradición, naceu no século X o “*nenho Pelayo*”, máis coñecido na zona como San Paio. Na súa honra, o bispo de Tui e tío do santo, mandou edificar un mosteiro de estilo románico; que acabaría funcionando como convento de monxas beneditinas ata que estas se trasladaron a Santiago; quedando abandonado, presa do tempo implacable que acabou por convertilo nunhas ruínas de gran valor arqueolóxico.

<https://www.galiciamaxica.eu/galicia/pontevedra/comarca-da-paradanta/crecente/paioalbeos/>

<https://www.crecente.es/detalle-turismo/monasterio-de-san-paio.htm>

# CRECENTE DIVERSO

## *PATRIMONIO HISTÓRICO E CULTURAL*



## ERMIDA DE FÁTIMA

No chamado **Coto da Cruz**, a 287 m sobre o nivel do mar localízase a ermida de **Nosa Señora do Rosario de Fátima**, un dos primeiros templos dedicados a esta virxe en Galicia. Trátase d'ucha capela de mediados do século XX, con planta rectangular e ábside.

A imaxe da virxe que se custodia neste templo foi tallada en **Leiría**, no veciño Portugal; e foi bendecida no famoso **Santuario de Fátima**.

<https://www.crecente.es/detalle-turismo/ermita-de-fatima.htm>

# CRECENTE DIVERSO

## *PATRIMONIO HISTÓRICO E CULTURAL*



## PAZO DA FRAGA

Este pazo do século XV é un dos grandes atractivos turísticos do concello de **Crecente** xa que, ademáis do valioso testemuño histórico que aporta; funciona como hotel, ofrecendo unha experiencia de paz e tranquilidade que só se pode vivir no rural galego. Aínda que son poucos os datos históricos que se conservan do Pazo, sí que parece confirmado que entre os seus muros aloxáronse, entre outros, o Emperador de México, **Maximiliano de Austria**.

<https://www.crecente.es/detalle-turismo/pazo-da-fraga-y-capilla-de-santa-marta.htm>

# CRECENTE DIVERSO

## *PATRIMONIO HISTÓRICO E CULTURAL*



## PAZO DE BARREIRO

Na parroquia de **Villar** atopamos o Pazo de Barreiro, un edificio de gran beleza arquitectónica que data do século XVIII, aínda que foi levantado sobre os restos dunha antiga torre, a *"Torre do Couto"*, do século XIII. Este exemplo de arquitectura barroca galega é considerado como un dos exemplares máis representativos da arquitectura "pacega" do Baixo Miño.

O conxunto complétase cunha capela adicada a San Mauricio; un pombal e un hórreo. Na actualidade funciona como hotel rural.

<https://www.crecente.es/detalle-turismo/pazo-do-barreiro.htm>

# CRECENTE DIVERSO

## *PATRIMONIO HISTÓRICO E CULTURAL*



## PAZO DE QUEIMADELOS

Na parroquia do Freixo levántase este imponente pazo de estilo **Barroco**, que data do século XVII. Cabe destacar a planta do edificio, en forma de U; así como a presenza dun pombal circular e un hórreo. A carón, podemos atopar a igrexa parroquial, antiga capela do pazo. A presenza deste tipo de construcións na zona é indicativo de que está era terra de “señoríos”.

<https://www.crecente.es/detalle-turismo/pazo-de-queimadelos.htm>

<http://www.xoanarcodavella.com/2019/03/pazo-de-queimadelos-freixo-crecente.html>

# CRECENTE DIVERSO

## *PATRIMONIO HISTÓRICO E CULTURAL*



## ERMIDA DA VIRXE DO CAMIÑO

Na parroquia do Freixo, preto do “Coto da Cruz”, atopamos unha das grandes maravillas históricas e culturais de Crecente, a Ermita da Virxe do Camiño. Trátase dunha pequena capela de estilo románico tardío con orixe no século XIV, aínda que foi restaurada en diversas ocasións. Esta ermida ten unha grande importancia patrimonial, non só por estar no paso dunha antigüa ruta do Camiño de Santiago; senon, tamén, por contar cun cruceiro de pedra de gran valor escultórico. Sen dúbida, unha das “xoias” de Crecente!

<https://www.crecente.es/es/detalle-turismo/ermida-da-virxe-do-camino.htm>

<https://www.galiciamaxica.eu/galicia/pontevedra/virxecamino>

# CRECENTE DIVERSO

## *PATRIMONIO HISTÓRICO E CULTURAL*



## ERMIDA DO CRUCEIRO QUEBRADO

Esta pequena ermida, de inicios do século XX, está situada na parroquia do Freixo; e forma parte da famosa “Ruta das ermidas”, un dos grandes tesouros que posúe o concello de Crecente. Ao lado levántase un cruceiro que servíu antigamente de guía aos peregrinos e viaxeiros, xa que neste lugar producíase un antigo cruzamento de vías do Camiño Real. O conxunto complétase cunha área recreativa, con mesas e bancos de pedra; na que poder disfrutar e relaxarse rodeado de natureza.

<https://www.crecente.gal/detalle-turismo/ermida-do-cruceiro-quebrado.htm>

<https://www.galiciamaxica.eu/galicia/pontevedra/capelacruceiroquebrado/>

# CRECENTE DIVERSO

## *PATRIMONIO HISTÓRICO E CULTURAL*



## IGREXA DE SAN PEDRO DE CRECENTE

No lugar chamado Castro e na parte inferior da ladeira na que se desenvolve o núcleo urbano de Crecente, podemos atopar este templo que, segundo varios autores, ten unha orixe enigmática; xa que se pensa que está “levantada” sobre as ruínas dun antigo monasterio templario que desaparece no 1313.

A Igrexa de San Pedro representa unha transición entre o estilo románico, máis austero; e o gótico, máis ornamental. Inicialmente contaba cunha planta rectangular, que se converteu en planta de cruz latina, no século XX, cando se engadiron dúas capelas laterais.

[https://www.romanicodigital.com/sites/default/files/pdfs/files/pontevedra\\_Crecente.pdf](https://www.romanicodigital.com/sites/default/files/pdfs/files/pontevedra_Crecente.pdf)

<https://www.crecente.gal/detalle-turismo/iglesia-de-san-pedro.htm>

# CRECENTE DIVERSO

## *PATRIMONIO HISTÓRICO E CULTURAL*



## PESQUEIRA A FOLLAGUEIRA

As pesqueiras son unhas antigas construcións que adornan as marxes do Miño, ao seu paso por estas terras. A súa orixe é moi discutida, pois hai que opina que xa proveñen dos romanos; aínda que é moi difícil de comprobar. Nembargantes contamos con numerosas testemuñas e fontes escritas que xa falan del na Idade Media, asociadas á pesca de especies fluviais como o salmón. Actualmente, as pesqueiras que quedan, como a da Follagueira, que é unha das máis antigas, adócanse á pesca da lamprea, un dos tesouros que nos ofrece o río Miño.

<https://www.crecente.es/detalle-turismo/pesqueira-a-follagueira.htm>

<https://www.galiciamaxica.eu/galicia/pesqueira-da-follagueira/>

# CRECENTE DIVERSO

## *PATRIMONIO HISTÓRICO E CULTURAL*



## TORRE DE FORNELOS

A Torre de Fornelos é unha antiga torre de homenaxe da que xa existen referencias en 1158. O conxunto arqueolóxico contaba con diversas dependencias, así como cunha murralla, un foso e unha ponte levadiza. Esta fortaleza tivo importancia histórica nas guerras entre Alfonso VII de Galicia e Alfonso Enríquez de Portugal, que Deron lugar á independencia do país veciño. Nas revoltas irmandiñas do século XV o castillo foi destruído; aínda que, posteriormente, foi rehabilitado por Pedro Madruga.

- <https://www.crecente.gal/detalle-turismo/torre-de-fornelos.htm>

<https://www.galiciamaxica.eu/galicia/pontevedra/torredefornelos/>

# CRECENTE DIVERSO

## *PATRIMONIO HISTÓRICO E CULTURAL*



## ALDEA ABANDONADA DA SINADA


Nos bosques da parroquia do Freixo podemos atopar unha antiga aldea que, como moitas outras de Galicia, foi abandonada ao longo do século XX, debido ao avance do “mundo moderno” ; que tendeu a concentrar á poboación en núcleos rurais máis grandes e mellor comunicados. O conxunto arqueolóxico está formado por unha ducia de casas e cortellos en distinto estado de conservación, xa que algunhas están a piques de desmoronarse polo avance da natureza. Existe unha ruta de senderismo que nos permite visitar e disfrutar desta aldea, testemuño doutros tempos.

<https://www.galiciamaxica.eu/galicia/aldea-abandonada-de-a-sinada-en-crecente/>

<https://es.wikiloc.com/rutas-senderismo/aldea-abandonada-a-sinada-146767244>

# CRECENTE DIVERSO

## *PATRIMONIO HISTÓRICO E CULTURAL*



## IGREXA DE SAN BERNABEU

Trátase dunha igrexa de planta rectangular, con espadana central de dous andares e ocos de arco de medio punto; situada na parroquia da Ameixeira. A construción deste templo Garda unha curiosa historia, xa que, os veciños, fartos de depender da igrexa parroquial de Filgueira, fan unha reclamación ao bispo para contar cunha igrexa parroquial propia, que será construída no século XVIII - XIX.

<https://www.crecente.gal/detalle-turismo/igrexa-de-san-bernabeu.htm>

<http://patrimoniogalego.net/index.php/99362/2018/04/igrexa-de-san-bernabeu-da-ameixeira/>

# CRECENTE DIVERSO

## PATRIMONIO HISTÓRICO E CULTURAL



## CASTRO E CAPELA DE SAN SEBASTIÁN

No “Alto da Serra”, parroquia de **Rebordechán** podemos atopar os restos dun castro da Idade de Ferro galega; de forma oval; e rodeado por unha muralla duns oito metros. Na actualidade mostra sinais evidentes de ter sido alterado e empregado como canteira; Aínda así conseguíronse recuperar abundantes restos arqueolóxicos romanos e castrexos.

No lado suroeste álzase a ermida de San Sebastián, do século XIX, que completa este conxunto patrimonial.

<https://www.galiciamaxica.eu/galicia/pontevedra/comarca-da-paradanta/castro-y-capilla-del-coto-de-san-sebastian/>

<https://www.crecente.es/detalle-turismo/castro-de-parada.htm>

# CRECENTE DIVERSO

## *PATRIMONIO HISTÓRICO E CULTURAL*



## CASTRO A CIDÁ

Na parroquia de Quintela podemos atopar os restos dun castro fortificado da Idade de Ferro. Neste poblado amurallado, situado preto da Marxe do río Miño, realizábanse tarefas habituais da época. Actualmente está sen escavar; aínda que sí se pode ver parte da muralla defensiva; así como se pode adiviñar a súa forma ovalada. O que sí se recuperaron foron restos arqueolóxicos como cerámica indíxena, un tríscele e, sobretudo, unha valiosa figura chamada “o guerreiro de Sabanle”.

- <https://www.crecente.gal/detalle-turismo/castro-a-cida.htm>

<http://patrimoniogalego.net/index.php/99567/2018/04/castro-da-cida-2/>

# CRECENTE DIVERSO

## *PATRIMONIO HISTÓRICO E CULTURAL*



## CASTRO DO ALTO DA PORTELIÑA


Na parroquia da Ameixeira, limítrofe coa veciña vila de A Cañiza; nun lugar chamado "O Retiro", podemos atopar os restos dun castro da época romana. Neste xacemento atopáronse ata tres tipos diferentes de estruturas; así como abundantes restos de cerámica común e romana, o que reforza a idea de que os habitantes deste castro tiveron frecuentes contactos coa cultura do antigo Imperio Romano. Na actualidade, como ocorre coa maioría de castros, está semiabandonado.

<http://patrimoniogalego.net/index.php/99371/2018/04/castro-do-alto-da-portelina/>

<https://www.crecente.es/es/detalle-turismo/castro-del-alto-da-portelina.htm>

# CRECENTE DIVERSO

## *PATRIMONIO HISTÓRICO E CULTURAL*



## PESQUEIRAS DE POUSA

Seguindo a corrente do Miño, ao seu paso por terras de Crecente, atopamos unha serie de construcións de pedra que semellan abrazar as augas do río. Trátase das pesqueiras, unhas edificacións que, segundo moitos autores, datan da época de ocupación romana; e que se empregaban para a pesca de diversas especies de peixes, entre os que sobresa a famosa lamprea, un dos grandes manxares do Miño. O conxunto componse de varios corpos ou poios separados por estreitas canles nas que se colocan as redes ou butróns. Unha mostra da enxeñería rural galega na historia.

<https://www.crecente.es/detalle-turismo/pesqueiras-de-pousa.htm>

# CRECENTE DIVERSO

## *PATRIMONIO HISTÓRICO E CULTURAL*



## IGREXA DE SAN XOÁN

Igrexa con advocación a San Xoán Bautista, data do **século XVII/XVIII**, de orixe románica aínda que con numerosas reformas posteriores, se sitúa en “Mosteiro”, parroquia de Albeos, nome que procede da antiga situación do Mosteiro de San Paio.

**Planta de cruz latina** con ábsida destacada en altura, conserva da primitiva fábrica románica parte dos aleiros dos muros laterais cos seus modillóns e a porta occidental. Esta porta occidental, posúe un arco semicircular con tímpano sobre xambas de perpiaños e dúas arquivoltas apoiadas en dous pares de columnas que presentan esquemáticos capiteis de dobre orde de follas que rematan en volutas. O tímpano está presidido por unha cruz bilobulada rodeada de decoración vexetal e outros talles.

<https://www.crecente.es/detalle-turismo/igreja-de-san-xoan.htm>

<https://www.galiciamaxica.eu/galicia/pontevedra/iglesiaalbeos/>

# CRECENTE DIVERSO

## *PATRIMONIO HISTÓRICO E CULTURAL*



## IGREXA DE SAN CAETANO

Do século XIX, presenta planta rectangular e fachada con porta alintelada, dúas ventás rectangulares e espadana central de dobre van. A ábsida destacada en altura presenta unha cuberta a catro augas, mentres que o resto do edificio posúe cuberta a dúas augas.

O nome do lugar da súa localización "A Capilla", na parroquia de Quintela, fai referencia á antiga capela ligada á **Colexiata de Crecente** atendida por un racioneiro que existía no lugar que se sitúa o actual templo.

<https://www.crecente.es/detalle-turismo/igreja-de-san-caetano.htm>

<https://patrimoniogalego.net/index.php/99503/2018/04/igreja-de-san-caetano-de-quintela/>

# CRECENTE DIVERSO

## *PATRIMONIO HISTÓRICO E CULTURAL*



## CAPELA DE SAN MARCOS

Está sita no barrio de Paradela, na parroquia de Angudes. Trátase dunha **pequena capela** do século XVIII con espadana central, porta alintelada e pináculos nos extremos. Está pegada a outra edificación. Na actualidade é de titularidade privada.

<https://www.crecente.es/detalle-turismo/capilla-de-san-marcos.htm>

<https://arquivo.galiciano.gal/arpadweb/es.ga.36055.ahdt/es/consulta/registro.do?id=298388>

# CRECENTE DIVERSO

## *PATRIMONIO HISTÓRICO E CULTURAL*



## IGREXA DE SAN XOÁN BAUTISTA

Enmarcada no século XVIII, é **levantada sobre outra pequena ermida** que existía no lugar de Carreiras, na parroquia de Angudes. Presenta unha portada con arco de medio punto con grandes doelas e un óculo cercado por unha moldura plana. Espadana central de dobre van. Posúe **dúas capelas laterais**, unha a cada lado da nave o que crea unha **planta en cruz latina**, cunha ábsida que destaca en altura. Cuberta a dúas augas. Ao campanario accédese pola escaleira exterior. **Posúe un reloxo de sol.**

<https://www.crecente.es/detalle-turismo/iglesia-de-san-juan-bautista.htm>

<https://patrimoniogalego.net/index.php/99483/2018/04/igreja-de-san-xoan-bautista-de-angudes/>

# CRECENTE DIVERSO

## *PATRIMONIO HISTÓRICO E CULTURAL*



## IGREXA DE SAN PEDRO (FILGUEIRA)

Edificada no século XVII-XVIII con axuda das **pedras procedentes da antiga capela de San Colmede** no lugar no que se situaba a **ermida de San Antonio**, posúe unha **inscrición** na fachada exterior coa data "1723". Sitúase esta igrexa parroquial na parroquia da Filgueira, nun recinto de interese polo conxunto de elementos que o forman, **destacando de xeito relevante o cruceiro**, un tipo singular pola súa base e tratamento do fuste. Presenta unha portada con **arco alintelado**, flanqueada por pilastras que rematan cun **frontón triangular**. Sobre el, ventá e espadana central de dobre van. A fachada enmárcase con **pilastras rematadas en pináculos**. Os muros presentan tres contrafortes e un **viacrucis formado por catorce cruces talladas en baixorrelievo** ao longo de todo o seu perímetro. A ábsida destácase en altura con cornixa moldurada en gola.

<https://www.crecente.es/detalle-turismo/iglesia-de-san-pedro-de-filgueira.htm>

# CRECENTE DIVERSO

## *PATRIMONIO HISTÓRICO E CULTURAL*



## IGREXA DE SAN ROQUE

Presenta unha planta rectangular dunha soa nave (século XVII), con ábsida destacada en altura e cuberta a catro augas e o resto da nave con cuberta a dúas augas. A portada presenta espadana dobre, pináculos nos extremos e porta alintelada. A igrexa parroquial de San Roque foi orixinalmente a **capela do Pazo de Queimadelos**, na parroquia do Freixo.

<https://www.crecente.es/detalle-turismo/iglesia-de-san-roque.htm>

<https://patrimoniogalego.net/index.php/99457/2018/04/igreja-de-san-roque-do-freixo/>

# CRECENTE DIVERSO

## *PATRIMONIO HISTÓRICO E CULTURAL*



## IGREXA DE SAN XURXO

Datada de finais do século XIX (1869), é construída con pedra procedente da vella igrexa parroquial, a cal se desmonta no ano 1863. Esta igrexa vella con advocación a San Jorge, estaba situada na parte baixa de Villar, no lugar coñecido como "Igrexa Vella", quedándolle a desmán aos veciños, polo que decidiron construír a actual igrexa parroquial nun lugar máis equidistante a todos os barrios, quedando como pegada desta antiga igrexa un sepulcro que hoxe aínda se conserva na zona.

O actual templo parroquial presenta unha **planta de cruz latina**. A fachada encóntrase dividida en tres tramos, con porta alintelada recercada de moldura plana, óculo e arco de medio punto que engloba o conxunto. O tramo central remátase cun frontón triangular e campanario de dous corpos.

<https://www.crecente.es/detalle-turismo/igrexa-de-san-xorxe.htm>

# CRECENTE DIVERSO

## *PATRIMONIO HISTÓRICO E CULTURAL*



## IGREXA DE SANTA CRUZ

Atópase no lugar chamado Capilla, na parroquia de Sendelle. Edificio do século XVII con **planta rectangular**, con porta alintelada na fachada, óculo, pináculos nos extremos da fachada, que remata nunha espadana central de dobre van. Ábsida destacada en altura con cuberta a catro augas.

<https://www.crecente.es/es/detalle-turismo/igreja-de-santa-cruz.htm>

<https://patrimoniogalego.net/index.php/99470/2018/04/igreja-de-santa-cruz-de-sendelle/>

# CRECENTE DIVERSO

## *PATRIMONIO HISTÓRICO E CULTURAL*



## IGREXA DE SANTA MARÍA

Atópase no Lugar Pazo, na parroquia Rebordechán. O nome desta parroquia xa aparece en documentos latinos do século XIII do **Mosteiro de Melón**. Esta **igreja parroquial foi levantada** no século XVIII e de **estilo barroco**, presenta **planta rectangular** dunha soa nave. Fachada flanqueada por pilastras con pináculos. Espadana central de dobre van. Capelas laterais. A ábsida destaca en altura con cuberta a catro augas. Destacan os tres cruceiros enclavados nun memos conxunto nun dos seus patios.

<https://www.crecente.es/detalle-turismo/igreja-de-santa-maria.htm>

<https://patrimoniogalego.net/index.php/14352/2012/02/igreja-de-rebordechán/>

# CRECENTE DIVERSO

## *PATRIMONIO HISTÓRICO E CULTURAL*



## IGREXA DE SANTA MARIÑA

Atópase o Lugar Regueiro, na parroquia de Ribeira. Do século **XIX** presenta **planta rectangular**. Fachada con porta alintelada, óculo e espadana central de dobre van. Posúe **dúas capelas** aos lados da nave. No lugar había anteriormente unha capela que se levantaría no momento da repartición territorial entre os racioneiros da **Colexiata de Crecente**.

<https://www.crecente.es/detalle-turismo/igreja-de-santa-marina.htm>

<https://patrimoniogalego.net/index.php/99499/2018/04/igreja-de-santa-marina-de-ribeira/>

# CRECENTE DIVERSO

## *PATRIMONIO HISTÓRICO E CULTURAL*



## MUIÑOS DE REBORDECHÁN

Os muíños de auga son unha das construcións máis significativas dentro da arquitectura popular e civil galega. Lugares de reunión, fontes de folclore e tradición e importantes testemuños da forma de vida do rural galego. No Concello de Crecente contamos cunha gran cantidade de muíños, pero imos a destacar os que se sitúan na parroquia de Rebordechan; sobretudo o que se atopa en O Surreiro, pola boa construción das súas canalizacións. Tamén, nesta parroquia e ao longo do regato O Chedeiro, podemos destacar outros muíños como o “Muíño da Brea”, o “Muíño de Castiñeiro” ou o “Muíño da Serra”; entre outros.

<https://www.crecente.es/detalle-turismo/molinos.htm>

<https://es.wikiloc.com/rutas-senderismo/crecente-rebordechan-ruta-dos-muinios-70943762>

<https://www.galiciamaxica.eu/mini/regato-de-chedeiros-y-su-preciosa-ruta-una-pasada-en-crecente/>

# CRECENTE DIVERSO

## *PATRIMONIO HISTÓRICO E CULTURAL*



## PONTE DE BARXELAS

É unha ponte da Idade Media, dun só arco de medio punto situado na saída de Filgueira cara a Rebordechán. É unha ponte peraltada, de carácter popular e de difícil datación. Enmarcada no antigo Camiño Real, considérase o único paso que existía na ruta que unía Tui con Ribadavia e Ourense, e, así memo, coa Meseta. Se ben tivo que ter reformas nos séculos XVIII ou XIX, a súa orixe pode incluso remontarse ao medievo.

<https://www.crecente.es/detalle-turismo/puente-de-barxelas.htm>

<https://www.galiciamaxica.eu/galicia/puente-ponte-de-barxelas/>

# CRECENTE DIVERSO

## *PATRIMONIO HISTÓRICO E CULTURAL*



## PONTE DAS CABRAS

Ponte de orixe romana construído en granito, forma parte do percorrido do antigo Camiño Real, tamén coñecido como Vereda Pública, outrora vía principal de comunicación entre os Reinos de Castela e Galicia. Na actualidade forma parte da ruta de sendeirismo "Mirando ao Miño".

<https://www.crecente.es/detalle-turismo/puente-de-las-cabras.htm>

[http://www.xoanarcodavella.com/2022/01/ponte-das-cabras-aldea-filgueira.html?spref=pi&utm\\_source=Pinterest&utm\\_medium=organic](http://www.xoanarcodavella.com/2022/01/ponte-das-cabras-aldea-filgueira.html?spref=pi&utm_source=Pinterest&utm_medium=organic)

FONTES



XOAN  
ARCO DA  
VELLA

ENLACE A TODO O  
PROXECTO



*CEIP PLURILINGÜE  
MANUEL SIEIRO*

*CURSO 2025-2026*